



LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2023/24 (CENTROS XA INTEGRADOS NO PLAMBE)

Centro: IES Lamas de Castelo

Código: 15027885

Localidade: Carnota

Provincia: A Coruña

Velaquí as prioridades para a nosa biblioteca:

1. Organización e xestión.

- Manter o número de membros do Equipo de Biblioteca Escolar ou aumentalo. En particular, desexaríamos incluír no noso equipo a profesorado de materias científicas, cousa que nunca se deu neste centro.
- Manter a participación do alumnado no programa de Voluntariado na Biblioteca Escolar, ampliando a súa autonomía para facer booktrailers (en audio ou vídeo), organizar concursos, dinamizar a ludoteca e organizar torneos de xogos diferentes... Iniciar no uso de KOHA para préstamos e devolucións ao alumnado voluntario.
- Manter un número de horas total de dedicación como mínimo semellante ao deste curso, pois o uso da plataforma KOHA require un gran número de horas, xa só para unha catalogación a tempo dos fondos.
- Mellorar no uso da plataforma KOHA e aprender a espremer ao máximo as súas funcionalidades, incluíndo a efectos de promoción entre os usuarios/as.

2. Recursos da biblioteca

- Mellorar o acondicionamento da biblioteca, adquirindo novos andeis e buscando novos espazos para os materiais. Crearemos bibliotecas de aula con material específico para cada nivel (de 1º a 4ºESO) das materias que soliciten as xefaturas de departamento interesadas, para o que se solicitará unha localización definitiva para cada grupo.



- Atender todas as peticións de novo material, dos departamentos, profesorado, alumnado e familias.
- Acompañar ao profesorado e responsables de departamento na expurgación e reorganización do material da sección da CDU correspondente á-s súa-s materia-s.

3. Formación de usuarias/os

Estas son as nosas liñas prioritarias en relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional:

- Diseñar e poñer en práctica sesións de formación de usuarios usando os ordenadores Edixgal con todos os grupos.
- Dar prioridade ao alumnado novo de 1º nas actividades de formación, levándoos tamén de modo presencial á biblioteca escolar.
- Ensinar a profesorado e alumnado a utilizar a nosa nova [opac da biblioteca Edubibkoha](#).
- Dar a coñecer tamén e difundir os contidos da páxina web do centro (información relativa á lectura nos departamentos e no [espazo da Biblioteca Escolar](#)); dar a coñecer os espazos e posibilidades da Aula Virtual, en particular o da biblioteca, mellorando no seu uso.
- Manter a materia de Proxecto Competencial ligada á biblioteca escolar.

4. Fomento da lectura

- Elaborar unha guía básica de boas prácticas na elaboración de traballos (escritos ou en formato dixital) e presentación no claustro para aprobación, difusión e cumprimento.
- Manter e velar polo cumprimento da Hora de Ler, facilitando os materiais para cada unha das aulas-grupo.



- Manter as actividades conmemorativas que inclúan lecturas públicas, fomentando a participación do maior número posible de membros da comunidade: alumnado e profesorado, familias, membros do Concello, autores/as, libeiros, etc.
- Manter os Clubs de Lectura, adheríndonos á convocatoria oficial ou non.
- Elaborar guías de uso e boletíns de recomendacións variados
- Fomentar o uso da BE para facer actividades e traballos de investigación para diversas materias.

5. Biblioteca inclusiva

- Mellorar a integración das familias, ata acadar a súa participación nas nosas actividades como algo normal (non excepcional) e fomentando o seu uso da BE a través da súa alta como usuarios/as.
- Facer actividades específicas e apadriñamentos lectores con alumnado da UEE, integrándoo sempre que sexa posible nas nosas lecturas públicas e clubs de lectura.

6. Outras actuacións.

- Solicitar unha formación relacionada cos Proxectos Documentais Integrados dentro dos PFPP para o centro e ofrecernos como coordinadores dun PDI e velar polo seu cumprimento e bo funcionamento, facendo o seu seguimento.
- Fomentar entre os membros do equipo de BE a realización de cursos específicos relativos a KOHA, e a participación nas Xornadas de BE do profesorado interesado.
- Fomentar a alta de usuarios externos da nosa contorna inmediata (gardería A Galiña Azul; membros de clubs de lectura vencellados á librería local...) que necesiten ou desexen utilizar os nosos fondos.

7. Avaliación



- Elaborar, distribuir e valorar enquisas en feitas a través da AV, Edixgal e outras plataformas.
- Utilizar e aplicar tamén a seguinte táboa de valoración:

Craterios	1	2	3	4
Uso da BE por parte dos departamentos	4 dos dptos ou menos usan a BE	Usan a BE 6-7 dptos.	75% dos dptos. usan a BE	Todos os dptos. usan a BE
Cumprimento dos puntos principais do P. Lector de Centro	25% dos puntos referidos ou inferior (4-5)	Menos do 50% dos puntos referidos (6-7)	75% dos puntos referidos (13-14)	Os 18 puntos referidos (100%)
Uso de TIC na difusión para a BE	Nunca ou rara vez	Ás veces, pero non sempre	Moi a miúdo	Si, sempre
Fanse actividades temáticas?	Pouco: menos de 3 actividades/ curso	Fanse algunhas veces (4 actividades/ curso)	A miúdo (6 actividades/ ano)	En todos os trimestres (9 ou máis)
Actualización dos fondos	Desactualización en fondo informativo	Pouca renovación dos fondos	Fondos bastante actualizados	A BE inclúe últimas novidades editoriais (ficción e informativo)
Equilibrio colección (información/ ficción)	Máis do 70% - ficción	Desequilibrio (predominio de máis do 65% dalgún tipo)	Bo equilibrio (en torno ao 50%)	Equilibrio ideal (60% inform.-40% ficción)

8. Recursos humanos

Persoa responsable: Renée Huerta Latrille. **Equipo de apoio:** M^a Luz Barreiro Otero e, posiblemente, a profesora e xefa do departamento de LC. Solicitaremos voluntarios dos departamentos non lingüísticos para seren membros do equipo, se teñen dispoñibilidade horaria.

Horario mínimo previsto: Non se pode asegurar, pois o cadro de persoal, materias e horarios do curso 2023-24 están sen definir aínda. Asegurarase porén a apertura da biblioteca durante todos os recreos da semana, e a atención durante as horas de dedicación específica da coordinadora, tamén para os nosos usuarios externos.